

(Des)Encontros galego-portugueses

[Ciclo de eventos | Marzo, abril e maio de 2016]

Organización: Centro de Estudos Galegos (Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa) e Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Descrición: O obxectivo deste ciclo é programar unha serie de conferencias, debates e outros eventos sobre as relacións históricas e actuais entre as sociedades e as culturas galega e portuguesa, atendendo a diferentes aspectos. Se ben as afinidades lingüísticas e culturais tenden a ser consideradas como un elemento de irmandade e entendemento histórico, o certo é que a sensación de incomunicación ou de falta de intensidade nas relacións entre unha realidade e outra aparecen constantemente nas reflexións públicas. Para tratar de actualizar as visións mutuas, de superar os estereotipos e de actualizar, a través do coñecemento e do debate, os marcos desta relación para cada sesión serán convidados especialistas ou persoas directamente relacionadas con cada área.

O ciclo constará de seis sesións, que terán lugar nos meses de marzo, abril e maio nas instalacións da Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa, coa seguinte **estrutura**:

4 de marzo. 19h00. **Lingua.** Coa presenza de Marco Neves (Faculdade de Ciências Sociais e Humanas – Universidade Nova de Lisboa), cuxa intervención leva por título “Galego: a lingua invisível” e José Ramon Pichel (Membro das comisións de traballo da Lei Valentín Paz Andrade para o desenvolvemento do portugués na Galiza), que falará de “Galiza, essa peça de Tetris linguística a configurar e encaixar entre os relatos de Espanha e Portugal”.

18 de marzo. 19h00. **Historia e cultura da fronteira.** Coa presenza da antropóloga e profesora Paula Godinho (Faculdade de Ciências Sociais e Humanas – Universidade Nova de Lisboa), que dará unha conferencia sobre o Couto Mixto titulada “O Couto Misto no Tratado de Limites de 1964: o interese dos Estados e a resistencia das populações”.

8 de abril. 19h00. **Emigración galega en Portugal.** Coa presenza do profesor e investigador Carlos Pazos Justo (Universidade do Minho), que dará unha conferencia titulada “*Dos gallegos de exportação* à Eurorregião. Visões lusas da Galiza e os galegos”.

22 de abril. 19h00. **Democracia.** Proxección do documental *Santa Liberdade* (2004), da realizadora galega Margarita Ledo Andión, que trata o secuestro do barco Santa María por un grupo de loitadores contra as ditaduras portuguesa e española, con protagonismo moi importante de galegos como Xosé Velo Mosquera e Jorge Soutomaior.

7 de maio. 16h00. **A Lisboa máis galega.** Itinerario guiado por algúns dos lugares máis emblemáticos da comunidade galega en Lisboa. Saída desde o Centro Galego. Será conducida polo lector do Centro de Estudos Galegos, Isaac Lourido, que contará con convidados para participar nas tarefas de información de cada espazo visitado.

20 de maio. 19h00. **Especial Día das Letras Galegas 2016: Manuel María.** Conferencia de Mercedes Queixas Zas, secretaria da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega, sobre as intensas relacións de Manuel María con Portugal e a súa cultura. Título: “Voltar a Portugal, dourada luz que ilumina”.

**(DES)
ENCON
TROS
GALEGO
PORTU
GUESES**

4 e 18 de marzo
8 e 22 de abril
7 e 20 de maio

no Centro Galego de Lisboa



Centro de Estudos Galegos (FCSH/NOVA)
facebook.com/CentroEstudosGalegosLisboa/

